

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE XUÑO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día dezanove de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- EXPEDIENTE NUM. 8/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE DO EXERCICIO 2009, POR IMPORTE DE 356.200,00€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 16 de xuño de 2009, obrante no expediente.

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez, manifestase que o seu grupo vaise abster.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o expediente do epigrafe ten unha considerable importancia, á vista da súa contía, engadindo que se ven están xustificadas algunhas das actuacións cuio financiamento vai a cargo da modificación proposta, sen embargo non figuran no mesmo actuacións que na opinión do BNG son máis urxentes e necesarias.

Sinala o Sr. Fernández Bouza que o incremento de inversións no Campo de Fútbol, que en certa medida complementa a importante subvención outorgada ó equipo de fútbol, ten que ter como contrapartida xustificativa o desenvolvemento do fútbol base no noso Concello, xa que pódese estar caendo nos erros do pasado de xeito que con cartos públicos se esté financiando un equipo profesional.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que estas modificacións de crédito deberían de ser consensuadas previamente con tódolos grupos, xa que pola súa cuantía afectan dun xeito importante ó orzamento municipal.

Polo Sr. Alcalde respóndese que a inversión no césped e nas barandillas do Campo de Fútbol é necesaria por razóns de estricte seguridade, debido a que gran parte das barandillas están podridas e constitúen un perigo tanto para xogadores como espectadores, e o césped está moi deteriorado, no obstante, polo Sr. Alcalde recordase que a actual directiva do Club de Fútbol, de acordo coas indicacións recibidas desde o Concello, na presente tempada xa puxo en marcha equipos de categorías inferiores, e a plantilla do primeiro equipo está formada maioritariamente por xogadores de Xove, e en consecuencia, a implicación do equipo cos veciños aumentou dunha maneira espectacular.

Doutra banda, polo Sr. Alcalde manifestase que o Grupo de Goberno está totalmente aberto a consensuar calquera petición de inversión que realicen calquera dos grupos municipais integrantes da Corporación, e de feito, no presente expediente, reflíctense moitas das suxerencias ou peticións plantexadas polos diferentes grupos.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que neste momento de crise, a maior parte das inversións do Concello, mesmo a utilización de toda a súa capacidade inversora (remanentes de Tesourería, Operacións de Crédito, etc.) deberían orientarse á creación ou mantemento do emprego.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de absterse.

Rematado o debate o Concello Pleno cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez e Meitin Guerreiro, coa abstención dos Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández, e o voto en contra do Sr. Fernández Bouza, acorda aprobar inicialmente a modificación de crédito nº 8/2009 do vixente orzamento municipal, por importe de 356.200,00€ ,e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo